

LEMBRANZAS

Lúidos de guapungo
atruxos de alalá



«Escuincas de canela,
de churrusqueiro ollar,
e un lauro picariño
foron benzoín do lar.



Salyun dicir
gulego, alurnio
TROPICAL 
Lúido de
huapungo,
atruxos de
alalá

LIMLAR

Alá polo mes de abril recibín a inesperada noticia do cambio de instituto. Pasei só dous anos en Catabois e podería dicir que foi un paso curto pero moi intenso. Desde o primeiro día sentínme como unha mais da familia, e digo familia porque así foi como me trataron, cos problemas, coas alegrías, sempre atopaba algún apoio con quen compartilos. Unha gran compañeira e agora amiga di que hai un especial "espírito en Catabois" que non hai noutros institutos, e ten toda a razón, aquí prima o compañeirismo, a unión, as ganas de facer cousas, loitar por cada un dos alumnos e facer do instituto un lugar agradable de traballo, pero sobre todo sentes que cando pides axuda todo o persoal se volca en darcha. Ese "espírito" nunca se pode perder.

Gustaríame que fora do instituto se soubera o que se traballa dentro, podo asegurar que é moito.

Quero agradecer o seu apoio a todos os meus compañeiros, ao gran esforzo que fai o equipo directivo para que isto funcione, a Belén que non hai mellor persoa ca ela, a Jose que tanto me ensinou e con tanta paciencia, a Paula que todos os días me recibe cun sorriso e desde logo sen ela o instituto non sería o mesmo para min e a Adriana e Nieves coas que podes contar se lles pides calquera cousa.

Ceguei aquí con máscara e voume sen ela, nada máis e nada menos que vivimos unha pandemia xuntos, polo medio quedaron os confinamentos, as videoconferencias, os correos electrónicos, etc, pero sen dúbida sei que todos preferimos vernos as caras e non vernos pola pantalla. Tivemos que facer un gran esforzo a familia de Catabois para que todo saíra ben, e penso que superamos con creces as adversidades que se nos foron presentando.

Sei que me vou para onde eu quero, pero teño a sensación que me quedaban cousas por facer, proxectos que desenvolver, ideas que poñer en práctica, etc, así que ao mellor algún día regreso, quen sabe o que me depara o futuro


Ata sempre Catabois, sempre poderedes contar comigo e sei que eu con vós!!!

Julia Vázquez Vila

En febreiro do ano 2003 comezo una nova aventura neste pequeno IES, quizais por iso tan familiar e acolledor. Aprendín moitísimas cousas neste tempo, coñecín a moita xente, alumnado, os seus pais/nais e a moitos compañeiros que, a día de hoxe, considero amigos. Non teño máis que palabras de agradecemento para todos vós, por acollerme como a un máis, por tratarme sempre con tanto agarimo. Lograstes que me sentira como na casa, polo que ameazo con volver (sempre que me precisedes para o que sexa ou que me chamedes para algunha trouleada, claro).

Estas non son palabras de despedida, sempre voltamos onde fomos tan ben tratados.

José Ángel Yáñez Pato



Non sabedes o que me custa sentar para intentar redactar unhas pequenas notas para esta revista escolar creada no curso 2003-2004 coa intención de informar a Comunidade Educativa dos acontecementos que ocorreron ao longo do curso, e mostrar as actividades realizadas polo noso alumnado. Pero isto non é máis que unha consecuencia, do decidido no curso 2011-2012, que este limiar fora redactado por aqueles que deixaban o centro.

Neste centro no que pasei máis dun terzo da miña vida, vinteseis anos, e comprenderedes que nese tempo houbo de pasar de todo, ata o cambio do nome do centro (antigamente IES Eugenio López y López). Vivín momentos moi bos e tamén momentos moi difíciles polas circunstancias tanto persoais como doutros compañeiros e membros que formaban parte do instituto.

Para min o instituto de Catabois é un centro onde se deixa traballar, todos os proxectos son moi ben acollidos e asumidos, onde o ambiente de traballo é moi bo, e, sobre todo, onde a preocupación por todo tipo de alumnado é o máis importante. Por encima de todo faise unha defensa da Educación Pública, como educación que ten que ser gratuíta e de calidade, onde teñen cabida desde uns Programas Formativos Básicos ata un Bacharelato.

Penso en todo o que levo vivido neste centro e lémbrome de todos aqueles alumnos e alumnas, compañeiros e compañeiras que pasaron por el e percátome da cantidade de anos que pasaron.

Penso no que cambiou o centro neste período de tempo: cambios producidos por diversos motivos, profesionais, legislativos, persoais..., cambios que á vez se producen nun mesmo.

Aínda que parte do alumnado, neste momento, case non valore esta revista, sei que pasados os anos si que a buscarán pola casa na procura de caras, recordos... e agradecerán poder tela.

Penso tamén nalgún mozo e nalgunha moza dos que rematan a súa estancia aquí. Eles non o lembran, pero eu si. Vénme á mente ese primeiro día, cando viñan para estudar no instituto en 1º ESO, e se achegaron a min para que lles informase de como era o centro.

Non quero estenderme máis pero, por último, deixádeme aproveitar a ocasión para felicitar, en nome do centro, a todos os alumnos e alumnas que neste curso se gradúan na ESO e no Bacharelato, e tamén a aqueles que, sen obter o título, marchan por diferentes motivos. Espero que lembren agradablemente a súa estancia aquí e, sobre todo espero que a formación adquirida en todos os ámbitos lles sexa útil no futuro.

Miguel Ortega

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1º ESO A



LUCAS CONSTANTIN ALIOAEI VIDAL

DIEGO AMADO CABANAS

JOSÉ ÁNGEL BARRUL BARRUL

ALEJANDRO BISPO SANTIAGO

IGOR FERREIRA DOS SANTOS

NOA FORNOS MOSQUERA

AMÓS GARCÍA LÓPEZ

NAZARET GARCÍA ROMERO

AINARA GOLPE RODRÍGUEZ

ALEJANDRO MONTEIRO ROMERO


JAQUELINE MONTEIRO ROMERO

JEISA YULIETH NAVA HERNÁNDEZ

IVÁN SALAZAR CAMPELLO

JONAST ENMANUEL SOBRIDO METAUTE

MATILDE VILARIÑO GÓMEZ



EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1º ESO B



CARLA BARREIRO ZAHRADNIKOVA

JULIO BLANCO POUSADA

DIEGO DAVID BORJA SALAZAR

VEGA CASTRILLÓN PRIETO

JOSE LUÍS FORNOS MOSQUERA

LEONARDO LAMAS ESTÉVEZ

SARA MARCOTE MARTÍNEZ

MARÍA DEL CARMEN MARIÑO LUBIÁN

ALEJANDRO MONTEIRO GARCÍA

JENNIFER MONTEIRO ROBALO

KEVIN MONTEIRO ROMERO


SERGIO SÁNCHEZ REGUEIRA

BRUNO TEJEIRO MOURIÑO



EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

2º ESO A



YANIRA AGUIAR COUCE

YAGO CARRO NIETO

UNAI DÍAZ FERNÁNDEZ

PAULA FERNÁNDEZ CARRERAS

JULIO ENRIQUE FERNÁNDEZ MONREAL

MIRIAM JIMÉNEZ JIMÉNEZ

DAVID EFEOSA LÓPEZ OSATOHANMWN

CLARA MATESANZ ABELLA

ESMERALDA MONTEIRO ROMERO

JAFIA ISORETH NAVA HERNÁNDEZ

JATNIEL JESÚS NAVA QUINTERO

DANIEL PEREIRO PIÑÓN

ESTRELA RONG REI PENA

GLORIA YURENA RODRÍGUEZ DÍAZ

DIEGO RUZO VICTORIA

GUILLERMO SALAZAR JIMÉNEZ

DIEGO SOUTO PITA

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

2º ESO B



SHEILA BARRUL BARRUL

OLALLA CARBALLEIRA MARTÍNEZ

ADRIANA COBELO SALUTREGUI

ARIADNA CRESPO RODRÍGUEZ

JUNE DÍAZ AGUIRRE

HELENA FERREIRA ZARAGOZA

NOEMÍ GARCÍA RAMOS

ANTONINO GUSMANO MORIS

YAGO LEAL CARNEIRO


CANDELA LEIRA SEDES

ADRIÁN MARTINEZ ALVES

MARCOS RODRÍGUEZ CEREIÑO


DAVID ROMERO GABARRI

SEREA VENTUREIRA FERNÁNDEZ



EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

3º ESO A



ANDRÉS ARRIBE TENREIRO

LOIS ANXO GAGO VÁZQUEZ

IAGO GRUEIRO LINOS

LUCIANA ALEXANDRA GUERRERO CASTILLO

AARÓN MARENTE BOUZA

MARTA MONTERO PENA

MARCOS DE LA PUENTE CAL

KIANA DANAÉ QUINTAS ZELSKY

SINDY ROMERO GABARRI

NEREA ROMERO MONTEIRO

ROMERO CRISTIAN MUIÑO

GAIA SOMAZA NIETO

PAULA VILLARINO GARCÍA

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

3º ESO B



AINARA ANEIROS SALGADO

JOSÉ VICENTE DE LA PUENTE CAL

ADRIAN JIMÉNEZ JIMÉNEZ

GONZALO LÓPEZ GALLARDO


IVÁN PAZOS LÓPEZ

AISSA RAHMANI

DENIS SALAZAR CAMACHO

NATHALIA SANZ AEGERTER

DAVID VARGAS PISA



EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

4º ESO A



NURIA CHARLÍN PÉREZ

ALEJANDRO LLAGO VÁZQUEZ

MANUEL MARTÍNEZ GONZÁLEZ

JUAN DAVID PATIÑO ASPRILLA

ALBA LUCÍA PÉREZ DUJMOVIC

MARTÍN PRIETO ANEIRO

NICOLÁS DEL RÍO NAVEIRAS

KEIRA ALEXANDRA YANET CABANAS

PROGRAMAS FORMATIVOS BÁSICOS

INDUSTRIAS ALIMENTARIAS

COMERCIO

MANUEL BOUZA PÉREZ,

RUBÉN CARRO NIETO

BRAIS CASTRO COMBARRO

BRUNO CENDÁN ANSEDES

CARLOS MANUEL DÍAZ DE LEÓN

MALENA JIMÉNEZ BORJA

GORKA MARTÍNEZ MARTÍNEZ

DANIELA RODRÍGUEZ UTRIA

JÉSSICA ROMERO PRIETO

SHAKIRA SALAZAR MONTEIRO

SULAMITA SALAZAR RAMÍREZ

ESTEBAN SANTALLA BASANTA

SOUNKOURI CISSOKHO

ENOIA ANDREA FAJARDO NIETO

RAQUEL MÁRQUEZ VALCÁRCEL

CECILIA REY LOPEZ

ALEJANDRO RODRÍGUEZ FERREIRA

MARIO SEOANE ALE

I.E.S. CATABOIS

ACCIONS FORMATIVAS PARA DESEMPREGADOS/AS
PROGRAMAS FORMATIVOS BÁSICOS
CURSO 2021-2022

XUNTA DE GALICIA
CONSELERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

XUNTA DE GALICIA
CONSELERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

EUROPEAN UNION

INDUSTRIA ALIMENTARIA

Manuel Bouza Pérez	Rubén Carro Nieto	Brais Castro Combarro	Bruno Cendán Ansedes	Carlos Manuel Díaz de León	Malena Jiménez Borja	Gorka Martínez Martínez	Daniela Rodríguez Utria	Jessica Romero Prieto	Shakira Salazar Monteiro	Sulamita Salazar Ramírez	Esteban Santalla Basanta
--------------------	-------------------	-----------------------	----------------------	----------------------------	----------------------	-------------------------	-------------------------	-----------------------	--------------------------	--------------------------	--------------------------

COMERCIO

Sounkouri Cissokho	Enola Andrea Fajardo Nieto	Raquel Márquez Valcárcel	Cecilia Rey López	Alejandro Rodríguez Ferreira	Mario Seoane Ale
--------------------	----------------------------	--------------------------	-------------------	------------------------------	------------------

BACHARELATO

1º BAC A



ACOSTA CARNERO, ÁNGEL
ANEIROS LÓPEZ, ALBA
AVENDAÑO FERNÁNDEZ, ETHAN
CALDERÓN CARNEIRO, SOFÍA
DÍAZ GONZÁLEZ, NOEMI
DOMÍNGUEZ LÓPEZ, BRUNO
FRANCO PÁEZ, IVÁN
FREIRE FERNÁNDEZ, LAURA
GARCÍA CELA, ANDREA
GRAÑA PERMUY, YAGO
GUZMÁN BARBEITO, ARIADNA
LAGO BOUZA, ALEJANDRA
LAYA TORRES, ÓSCAR BENJAMÍN
LLAGO VÁZQUEZ, ADRIÁN
RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ, ISMAEL
SANJURJO LÓPEZ, SOFÍA

BACHARELATO

1º BAC B



LÓPEZ ABELLEIRA, ELENA
LÓPEZ MOSQUERA, ROSALÍA
LORENZO SANESTEBAN, SARA
LUACES FERNÁNDEZ, ÓSCAR
LUACES GONZÁLEZ, ANDRÉS
MÉNDEZ FERNÁNDEZ, BRUNO
MONTERO PENA, ALBA
PEREIRA BARROS, XELA
PITA LÓPEZ, CANDELA
ROCA FEIJOO, PABLO
RODRÍGUEZ VILARIÑO, PABLO
SAAVEDRA TIMIRAO, MARTÍN
SALAZAR MARTÍNEZ, YLENIA
SEDES BOUZA, RUBÉN
SOMAZA NIETO, ELIA
TESTA ROCA, LAURA

BACHARELATO

2º BAC A



ARES SEJIDO, ERICA
BACORELLE VEIGA, DAVID
CASCUDO FERNÁNDEZ, LUCÍA
COUCE HERMIDA, ADRIÁN
FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ, ALEJANDRO
FREIRE VARELA, IAGO
GARCÍA CASTRO, ANDRÉS
LÓPEZ ROMERO, SABELA
MOSQUERA LÓPEZ, JORGE
MOURENTE ORJALES, PAULA
MOURENTE VÁZQUEZ, ZAIRA
PARDO CHAS, EVA
PAZ REYES, LAURA
PIÑÓN RODRÍGUEZ, SERGIO
REYES FERNÁNDEZ, ARIANA
RICO MOREIRA, ALBA
RODRÍGUEZ COBELO, HUGO ANDRÉS
RODRÍGUEZ DÍAZ, ZELTIA
RODRÍGUEZ RIVERA, ALONSO
ROMERO DEIBE, CARLA
SANTALLA RAMOS, AINHARA
VIGO GRANDAL, CRISTÓBAL
VIZOSO LÓPEZ, MAYRA

BACHARELATO

2º BAC B



BECERRA CARRO, LAURA
BLANCO LOIS, ROCÍO
CAÍNZOS ARES, ALBA
CARREGADO PAZ, RAQUEL
CIVES CORRAL, ANDREA
COUCE QUINTANILLA, ALBA
FERNÁNDEZ GONZÁLEZ, SABELA
FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ, SANTIAGO
LÓPEZ GONZÁLEZ, BORJA
LÓPEZ LAGO, DIEGO
LOZANO FRAGA, NOELA
MEJUTO COUCE, ZELTIA
PATO ROMERO, SAÚL
PENABAD FERNÁNDEZ, CARLA
PÉREZ GATO, ARTAI
RAMOS GONZÁLEZ, LAURA
SÁNCHEZ FERNÁNDEZ, MARTÍN
TABOADA MARTÍNEZ, NICOLÁS
TENREIRO RODRÍGUEZ, YAGO
VARELA VIDAL, DAVID



CATABOIS PARLE FRANÇAIS



Este foi o meu terceiro ano no centro. Foi un ano de cambios e de novidades: novo alumnado, novo profesorado, novos niveis e un marabilloso aire exótico que chegou para quedar: o noso novo auxiliar de conversa Firas.

Este curso, aumentamos os niveis de francés coa incorporación do Bacharelato e seguimos a traballar na creación dunha canteira motivada por aprender unha segunda lingua estranxeira.

Coma sempre, celebramos as tradicións, contamos historias de medo, fomos ao teatro, falamos, escoitamos e sobre todo desfrutamos.

Con Firas aprendemos a **diversidade** do mundo francófono, descubrimos o seu país, a súa maneira de ver o mundo mais tamén aprendemos a ser máis conscientes das nosas tradicións. Fomos moi felices coa súa presenza e somos aínda máis felices sabendo que volverá estar con nós o próximo curso.

Isabel Tojeiro







Vivir lejos de mi familia y de mis seres queridos fue un poco complicado para mí. Pero cuando he encontrado a otra familia que me aprecia, me pareció como si fuera un regalo que “Allah” (dios) me la hubiera ofrecido. Eso me facilitó mucho adaptarme al nuevo ambiente.

Esta familia se llama IES de Catabois.

En 2019 me fui de Erasmus a Madrid, donde conocí a un montón de gente de muchos países, pero el intercambio cultural que hubo este año entre Firas y el resto de la familia, sean profes, cuerpo administrativo, queridos alumnos, ha sido muy interesante.



Hablando de mi cultura, he notado una interacción positiva de su parte, que “guay” ver eso en los ojos de la gente allí.

De otro lado, he aprendido muchas cosas de la cultura gallega, me encanta el idioma, las canciones de “Tanxugueiras” sobretodo la canción “Terra”, la comida muy rica como el churrasco, el pan gallego y sobretodo el bocadillo de tortilla del restaurante llamado “El canario” en Ferrol, y sigo aprendiendo más y más puesto que volveré para el curso que viene.

Castillo San Felipe, Ferrol

Firas Hkimi

El ámbito de la docencia no es tan fácil sobre todo al principio pero estar rodeado de gente que te da la mano de ayuda es un gran privilegio. Por eso no puedo pasar sin hablar de

Isabel la diosa del francés en el instituto. Ella me enseñó un montón de cosas a nivel didáctico, pedagógico aunque el sistema educativo español es muy diferente en cuanto al nuestro. Cuando me fui al instituto de Breamo, gracias a ella me sentí bien preparado aunque, aún me falta mucho para aprender de este ámbito.

Estoy muy feliz después de haber pasado este periodo con esta gente y ahora estoy más feliz porque tuve la oportunidad de repetir esta experiencia en el mismo sitio ya que la gente me cae muy bien.

Para manejar mis decisiones siempre uso la mente pero creo que esta vez el corazón venció al cerebro en mi decisión!

Que tengáis buenas vacaciones de verano! Bonnes vacances à tous !

Hasta el curso que viene.



Cap "7mem" (Cabo de Palomas), Bizerta

Au revoir !

Vuestro amigo Firas

A RESISTENCIA É A NOSA HERDANZA



resistencia.nosa.herdanza_ é unha sociedade secreta da que non debemos falar, só podemos dicir que o curso 2021-22 foi o ano do xurdimento dun proxecto da man do noso primeiro embaixador, un tunecino amante do galego: **Firas**.

O nosos obxectivos:

- vencer os prexuízos,
- darlle a volta ao establecido,
- dar valor ao noso e darnos valor a nós mesmos porque **o galego somos nós**.
- visibilizar o idioma alí onde é invisible.
- **resisitir**.

Oiredes falar moito da Resistencia. Traballamos na sombra pero estamos abertos a recibir novos membros, só tedes que poñervos en contacto con algún dos resistentes. **Estade atentos, estamos en todas partes.**



Estar en todas as partes non foi un chiste.

Aquí fálase en serio, aquí estamos traballando para non perder o valor da nosa lingua, do noso ser e da nosa identidade.

Por elo, só podemos darvos unha pista, que un dos nosos membros está nunha misión secreta nun país do norte de África.

Un país que recibíu aos moriscos, e despois aos republicans españois no século pasado.

O noso obxectivo é manter relación con outros países cun peso cultural importante.

Para qué?

Para intercambiar as experiencias e as competencias con esta xente e para descubrir a súa forma de facer as cousas


Noso axente empezou a poñer acordos con esta xente...

Según dixo el:

"O clima aquí marabilloso "

O tío parece que se olvidou que está alí para lograr o que tiña que facer. Pero parece ser que el o está pasando moi ben na praia, nas festas e emborrachándose

Pero da igual, o que nos importa é manter unha boa relación con esta xente e parécenos que o está logrando!!



Otra pista: el lugar de encuentros
Norte de Túnez, Bizerta □

CONMEMORACIÓNS E OUTROS

O QUE APRENDEMOS DA PANDEMIA

Xa tivemos a ocasión de coñecer o curso pasado a Sonia Villapol, científica galega que desenvolve o seu labor no Centro Médico de Texas (Houston, EEUU) e que forma parte do Equipo e Investigación Internacional da Covid-19. Unha espléndida divulgadora que un ano máis polo mes da ciencia en galego compartiu o seu saber cos centros educativos galegos. Entre estos centros estivo o 16 de novembro o IES de Catabois participando en directo na videoconferencia “O que aprendimos da pandemia” cos alumnos de 3º ESO e 1º Bac.



25 N. DÍA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO 2021

Para conmemorar o día contra a violencia de xénero o alumnado do IES de Catabois asistiu a unha charla-taller sobre esta temática. Ademais todo o centro, profesorado, alumnado e personal non docente participou na gravación dun vídeo cantando a canción de Amaral "Salir corriendo".



CELEBRANDO LA NAVIDAD

Queremos despedir el año recordando algunas de nuestras actividades en este curso dedicado a la Literatura y las Artes Plásticas, "Una imagen para mil palabras". Os mostramos en primer lugar el cartel galardonado con el Primer Premio del Concurso "Disfraza la gata Cata", diseñado por Vega Castrillón (1º B) y nuestro cartel del corredor central.



A continuación repasamos algunas imágenes de la decoración navideña que hemos disfrutado estos días y de las propuestas presentadas por los alumnos al Concurso de Postales de Navidad.





Como podéis ver, fueron muchos y variados los diseños, resultando como ganadoras las postales de Sara Marcote (1º B), Ariadna Crespo (2º B) y Estrella Rong Rei (2º A).



Algunos de los alumnos premiados en los diferentes concursos



Imagen de las tres postales galardonadas

Enhorabuena a los premiados y para todos os deseamos una muy, muy **Feliz Navidad**

DÍA DA NO VIOLENCIA E A PAZ



Imaxe: <https://justificaturespuesta.com/actividades-de-tutoria/>

Para conmemorar o **DÍA DA NO VIOLENCIA E DA PAZ** as/os alumnas/os realizaron un mural con pegadas da Paz. Neste mural uniron os seus polgares formando corazóns e escribiron frases en relación ao día da paz e o valor do perdón.




DÍA INTERNACIONAL DA MULLER E A NENA NA CIENCIA

Para conmemorar o día internacional da muller e a nena na ciencia o IES de Catabois participou en dúas videoconferencias en directo dende o museo Muncyt:

- A tecnoloxía é para mín? por Laura Castro
- Como podo xerar contidos dixitais innovadores? por Marianne Blanco.





Ademáis as/os alumnas/os buscaron información sobre distintas mulleres que destacaron na ciencia.



DÍA DE ROSALÍA DE CASTRO



ENTROIDO









CONMEMORACIÓN DO DÍA MUNDIAL DA SAÚDE

Para conmemorar o Día Mundial da Saúde, 7 de Abril do 2022, no IES de Catabois tivemos a gran sorte de contar con dez residentes de medicina e enfermería da área sanitaria de Ferrol que viñeron a impartir un taller sobre primeiros auxilios e RCP.



DÍA INTERNACIONAL CONTRA O ACOSO ESCOLAR

O día 2 maio conmemorouse o día Internacional contra o acoso escolar. O alumnado do centro participou na elaboración dun mural no que cada un escribía nun posit unha frase, unha actuación persoal... no que reflectiu o seu compromiso, o que está disposto a facer contra as posibles situacións de acoso. Relacionado con esta actividade houbo tamén unha xornada de xogos populares cooperativos, na que participaron, por unha banda o alumnado de 1º e 3º por parellas TEI, e por outra o alumnado de 2º e 4º ESO.

Aquí vos deixamos algunhas das fotos das actividades!! "







PROGRAMA TEI 2021/22

O programa Titoría entre iguais (TEI) é unha estratexia educativa para fomentar a convivencia e previr o acoso escolar que consiste en que cada alumno de 1º ESO se lle asigna un titor/a de 3º ESO para que poida axudarlle nas dificultades que vaian xurdindo, especialmente as relacionadas coa convivencia. Aquí vemos a presentación entre o alumnado entre o alumnado participante neste curso:







XACEMENTO DO CALDOVAL 2º ESO

O día 26 de novembro os alumnos de 2º ESO A e B visitaron o Centro de Interpretación de Caldoval, unha visita organizada dende a materia de Xeografía e Historia. Este proxecto museográfico do Concello de Mugardos, pon en valor o xacemento romano descuberto na enseada de Santa Lucía. Ata agora trátase dos únicos baños privados con palestra descubertos en todo o noroeste peninsular. Un complexo dedicado á hixiene, á saúde, ao ocio e probablemente tamén á práctica deportiva. Un balneum rural doméstico que formaba parte dunha villa a mare, habitada entre o século I e o V. d.C, en época do Imperio Romano.

A través da visitas guiada e o obradoiro, descubriron como vivían e se coidaban @s habitantes da Gallaecia romana. Coñeceron como funcionaban os baños; cal era o uso e características de cada unha das estancias do circuío termal; as vestimentas que levaban os bañistas; que facían nos seus momentos de ocio; os deportes que practicaban e as súas regras, os xogos de mesa e azar máis populares. Ao finalizar a visita realizaron un obradoiro de xoiería romana.





VIAXES ERASMUS +

VIAXE A ZAGREB (CROACIA). PROXECTO ERASMUS + KA 229 “UPCYCLING: A PROJECT FROM BOTTOM TO TOP”

A creación de obras artísticas a partir de materiais de refugallo é o eixo sobre o que xira o proxecto de intercambio escolar Erasmus no que participa o IES de Catabois. O programa, iniciado o pasado curso pola profesora Carmen Torres –que agora xa non está no centro– permite ao alumnado entrar en contacto con estudantes dos outros cinco países participantes: Polonia, Grecia, Turquía, Portugal e Croacia. Na capital deste último, en Zagreb, foi o primeiro encontro entre representantes de cada un dos socios. Nesta primeira mobilidade viaxaron catro alumnas e dúas profesoras. Alí compartiron experiencias cos demais compañeiros, así como puxeron en práctica as súas competencias lingüísticas en inglés e coñeceron o traballo que cada un dos países está a desenvolver no marco da actividade.





Creating a storyjumper



VIAXE A PORTUGAL. PROXECTO ERASMUS + "UPCYCLING: A PROJECT FROM BOTTOM TO TOP"



Do 13 ao 19 de marzo, catro alumn@s e dúas docentes realizaron a segunda viaxe dentro do proxecto Erasmus + "Upcycling: a project from bottom to top", esta vez a Portugal. Alí visitaron Oporto, Guimaraes e Braga. Ademáis asistiron a clase e realizaron talleres upcycling na escola de Pedome, universidade de Minho e Familiaçao.







Viaxe de Erasmus a Tesalónica (Grecia) do 7 ao 14 de maio

Catro alumnos e dúas docentes do IES de Catabois partiron o 7 de maio rumbo a Grecia para participar no encontro de diferentes grupos que a nivel europeo participan no proxecto Erasmus + “Upcycling: A Project Bottom to Top” . Pasaron uns días inolvidables traballando no proxecto. Alí fabricaron obxectos de colgar con materiais de desfeito e ademais escoitaron o himno europeo e outras cancións con obxectos musicais tamén creados con este tipo de materias de desfeito aos que deron unha nova vida. Pero no medio, ademais tiveron tempo de empaparse e adentrarse na vida do país facendo camiñatas e deportes na natureza, por exemplo no Parque Nacional Agios Nikolaos para valorar a beleza e concienciar da necesidade de respectar o medio natural. Visitaron Vergina, onde está un xacemento arqueolóxico declarado Patrimonio da Humanidade pola Unesco. Alí está enterrado Filipo II de Macedonia, pai de Alejandro Magno.



Visitaron o Museo Tecnolóxico de Noesis onde asistiron ao planetario con impresionantes imaxes e a exposición de Génesis, onde a partir de residuos represéntase coa proxección de sombras toda a historia da Terra dende o inicio do Universo ata a actualidade.

Ademais probaron a deliciosa comida grega, aprenderon os seus bailes e bañáronse no Mar Egeo, que máis se pode pedir?








FERIA DO LIBRO E DÍA DA TERRA 2022

Para conmemorar o Día da Terra e a Semana do Libro realizamos unha xornada intensa o día 26 de abril no noso centro. Comezamos cunha marcha solidaria xunto cos tres colexios adscritos (Pazos, San Xoán e Juan de Lángara) para recadar fondos para os nenos e nenas que viven o conflito de Ucraia, esta marcha organizouse a través de Save The Children. Posteriormente regresamos ao noso centro para realizar talleres de upcycling dirixido polos profes e alumnos participantes no proxecto Erasmus. Ademais tamén se organizou unha feira do libro con libros e xoguetes de segunda man. Neste caso a recadación foi destinada á cociña económica.

https://youtu.be/M4f_5a08W5w



Aquí temos algunha foto da xornada:













TEXTOS PREMIADOS EN EL CONCURSO LITERARIO DEL DEPARTAMENTO DE LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA

Modalidad de poesía 1º y 2º de ESO:

El niño encerrado,
encerrado en su tormento
encerrado en su lamento
encerrado en su pensamiento
y no es capaz
capaz de escapar
escapar de su soledad.

(Diego Souto Pita)

Modalidad de poesía 3º y 4º de ESO:

“Fiebre de amor”

Años y años sin amor
esperando un nuevo corazón.

Y al final llegó el verdadero amor,
una luz que despertó en mi interior.

Una fiebre por amor, mala y maldecida,
una fiebre de dolor que te deja sin vida.

Una fiebre que al sentirla te marchita,
que duele más que la explosión de una termita.

Yo estaría así si te vas de mi vida,
porque contigo quiero sentirla.

Fiebre por amor
Adiós a mi compañía.

(Marcos de la Puente Cal)

“La vida”

La vida es un reto, demuestra
que puedes con él. La vida
es un juego, júégalo. La
vida es preciosa, cúbala. La
vida es un laberinto, descúbrela.

(Kiana Quintas Zelsky)

MICRORRELATO

Cabeciñas de soños rotos

“Soñar tamén é un xeito de abrir camiños”, así remataba o meu discurso cheo da forza e ilusión que todas esas cabeciñas necesitaban. Cabeciñas cubertas de fermosas cicatrices que semellaban longas viaxes por vías de ferrocarril, cabeciñas cubertas con fermosas teas coas que sentirse no cálido oriente, cabeciñas que eu comprendía moi ben. E sobre todo pequenas cabezas que levan unha pequena idea de superación e que oxalá non volvan a ter que ver os seus soños rotos.

Nuria Charlín Pérez (4ºA)

A VIDA DE XAEL

Un día coma outro calquera, o noso protagonista Xael e a súa familia foron a casa da súa avoa para pasar o verán. A primeira semana foi moi ben, mais a partir de aí as cousas mudaron. Unha noite escura de chuvia e tronos Xael pensa “que todo iso dos deuses romanos aínda había de ser certo”; pero, de súpeto, el e os seus irmáns decatáronse de que faltaba alguén. Os pais desapareceran e fóronllo contar á súa avoa. Cando llo dixeron, ela castigounos sen saír do seu cuarto, “algo non cheira ben”, pensaba Xael. O único certo era que estaba con dous elementos de coidado: a súa irmá, que era unha mexericas; e o seu irmán, un miñaxoia. “Cando acabará este inferno?, preguntábase. Non aturaba máis esa situación. Decidiu ir investigar, e tivo que ir só, pois os seus irmáns preferían quedar.


Atopouse coa súa avoa que o esperaba no soto no que estaba o resto da familia. A súa mirada era desafiante, xa non tiña os ollos claros de mirada doce; eran ollos de animal de baixo terra, escuros e terroríficos. “Esta non pode ser a miña avoa”, pensou, e tirouna no chan con grande esforzo. Os demais tiveron que axudalo para reprimir ese ser monstruoso no que se estaba convertendo a avoa. Todos pelexaban coa idea de destruír ese esperpento. Xael caeu a rolos sen poder erguerse, mentres vía que ese ser viscoso, no que se transformou finalmente, engulía, sen ningún tipo de clemencia, o pai e a súa nai. Xael deu grazas a levar o móbil con el e chamou a policía. Despois dun cuarto de hora chegaron os axentes da lei e viron con estupor un mozo agochado debaixo dun moble vello e unha especie de miñoca xigante enroscada nun curruncho.

Xael quedaba só cos seus irmáns e a policía contactou co seu tío Tinín quen se faría cargo deles, xa que non tiñan aínda a maioría de idade.

Diego Souto (2ºA)

A REVISTA VIEIROS

1



Florencio Delgado Gurriarán (Córghomo, Ourense, 1903-Fair Oaks, California, 1987)

Foi o último de cinco irmáns e tivo unha infancia chea de comodidades e privilexios. Tivo acceso a unha boa formación cultural e gustáballe moito ler. Criouse nunha casa onde a lingua materna foi sempre o galego.

A familia trasládase a Ourense e alí vive dende os seis até os dez anos. Logo vai vivir a Palencia, onde cursará parte do seus estudos secundarios, que rematará en Valladolid. Aquí tamén estuda a carreira de Dereito.

Nunca perde o contacto co seu Córghomo natal, e alí volve todos os veráns.

2

En 1928 regresa a Córghomo para desfrutar novamente da tranquilidade da vida rural e coa intención de preparar as oposicións para rexistrador de propiedade. Pero o primeiro dos obxectivos vai pesar moito máis ca o segundo. Traballa de pasante de avogado nun despacho do Barco de Valdeorras.

Comeza tamén a escribir poemas e publicar en revistas. Nestes textos aparecen as inquedanzas que centrarán a produción literaria do autor: **exaltación da natureza, loanza das tradicións e costumes propios de Galicia, reivindicación da identidade de Galicia, crítica dos que renuncian a falar en galego e denuncia das desigualdades e inxustizas.**

Gurriarán implícase de forma intensa na vida da aldea a nivel cultural e comeza a tomar parte activa na política. Os seus principios ideolóxicos estaban baseados en ideas progresistas. En 1933 afíliase ao Partido Galeguista. No ámbito político centrará os seus esforzos até 1936, cando se produce o golpe de Estado que dará lugar a tres anos de guerra civil.

3

Florencio Delgado Gurriarán corre perigo e marcha primeiro para Portugal e despois para Francia. Unha vez en París vai a Barcelona para colaborar na defensa da zona da península que aínda non caera en mans dos sublevados. En 1939 regresa a Francia para organizar o plan de saída dos refuxiados españois cara a América. En agosto deste anos parte no barco *Ipanema* para México.

4

México foi un dos principais destinos dos refuxiados galegos. Moitos deles orgánzanse en asociacións e levan a cabo distintos proxectos para a defensa da identidade galega. Delgado Gurriarán colabora activamente:

ALIANZA NAZONAL GALEGA (1941), que publica unha revista chamada **GALICIA**.



A revista **SAUDADE. VERBA GALEGA DAS AMÉRICAS**, con temática variada: emigración, historia, economía, política, arte, música...

CANCIONEIRO DA LOITA GALEGA, no que colaboran moitos autores. A obra concíbese como unha homenaxe aos compañeiros do bando republicano asasinados na guerra civil española.

Tamén formou parte do **PARTIDO GALEGUISTA EN MÉXICO**, do **CONSELLO DE GALIZA E DE GALEUZCA**.

Neste período Delgado Gurriarán pasará por distintas ocupacións até conseguir traballo na sociedade farmacéutica Queralt Mir, onde continuará ata a súa xubilación. Uns anos antes coñeceu a Celia Teijeiro, a que logo ía ser a súa muller. Con ela ten cinco fillos.

5

Novos proxectos no **exilio**:

TRADUCIÓN de autores do ámbito francófono como Paul Verlaine, Stéphane Mallarmé, Paul Valéry, Jean Cocteau...

Pon en marcha unha nova liña da súa produción lírica denominada “poesía crioula”, isto é, de mestizaxe e irmandade entre as súas referencias da Galicia natal e as que vai adquirindo na súa etapa mexicana, sobre todo da zona de Jalisco (capital Guadalajara, onde el reside).

A súa obra vai tendo máis difusión dentro de Galicia, grazas á colaboración de Francisco Fernández del Riego.

En 1953 fúndase en México o **Padroado de Cultura Galega**, para a defensa da cultura galega, o estudo dos problemas culturais, sociais e económicos de Galicia co fin de procurar posibles solucións e o fortalecemento dos lazos do pobo galego cos de España, Portugal e México.

Programa radiofónico **HORA DE GALICIA**

Creación da revista **VIEIROS**

6

Nos últimos anos da década de 1960, Florencio continúa desenvolvendo o seu labor literario e cultural. Tamén comeza a pensar na posibilidade de regresar a España, como estaban facendo outros exiliados. E farao en tres ocasións: 1968, outra en 1976 e en 1981.

Morre en California (EUA) o 14 de maio de 1987, despois dun infarto.

As súas cinzas foron trasladadas primeiramente a México, e pouco despois ao seu Córrego natal, tal e como el pedira expresamente

VIAJE FIN DE CURSO

1º BACHARELATO

O alumnado de 1º de bacharelato realizou do 18 ao 23 de abril a viaxe de fin de curso visitando as cidades de Barcelona, Tarragona e Zaragoza.

Tamén disfrutaron do parque Port Aventura

BARCELONA







TARRAGONA





ZARAGOZA



PORT AVENTURA



CURSO DE LINGUA DE SIGNOS

Este curso fixemos unha charla de sensibilización sobre "o alumnado sordo" e tamén un curso de Lingua de Signos para o alumnado de 1º ESO.

Aínda que o curso estaba dirixido inicialmente ao alumnado, o profesorado que tiña libre a esas horas ía incorporándose á actividade.



Carmen Río Reboreda
Departamento de Tecnología
IES De Catabois

Ole Kirk Christiansen
Billund
(Dinamarca)



Querido Ole Kirk:



La razón de mi carta es contarte que un año más hemos participado en la First Lego League. Este curso ha competido el equipo del instituto, "Catabótica". La competición fue a finales de febrero de forma presencial. Lo hemos pasado muy bien, al principio la organización del obradoiro de robótica fue un poco caótica, pero, superados los primeros baches, todo resultó más fácil.

Hemos contado con mucha ayuda para la elaboración de nuestros proyectos científicos y la preparación de las exposiciones. Te diré que estamos muy agradecidos a José Antonio Chao, jefe de la Policía Local de Ferrol y a su compañera Eugenia Heras; y también a todo el claustro, porque una vez más nos han permitido disponer de sus horas de clase para la preparación del concurso.

Hemos recibido un premio, el **2º premio en Valores First Lego League**, nos quedamos con comentarios tan bonitos como:

Enhorabuena, formáis un equipo fantástico, ¡se respira buen rollo! o ¡¡IES de Catabois, cómo moláis!!!

Hemos aprendido a divertirnos todos juntos y a trabajar en equipo, a pesar de ser de cursos distintos. Te envió nuestra foto para que puedas ver lo guapísimos que estábamos.

Además, hemos sido invitados al **III Congreso de Seguridade e Educación Viaria**, donde nuestro representante **Iago Grueiro Linos** explicó nuestro paso por el concurso, su intervención fue un éxito.

Me despido de ti hasta la competición del curso que viene, ¿cuál será el reto que nos tenéis preparado?



GRADUACIONES

2º BACHARELATO










IES de Catabois




Iñaki


Sabela


Iñaki


Iñaki


Iñaki


Iñaki


Iñaki


Iñaki


Iñaki


Iñaki


Iñaki


Iñaki


Iñaki


Iñaki


Iñaki


Iñaki


Iñaki



Iñaki



Iñaki


Director *Refa de Estudos* *Directora* *Vicedirectora* *Secretaria* *Idor*

Promoción 2022

 ERICA	 DAVID	 LAURA	 ROCIO	 ALBA	 RAFAEL	 LUCA	 ANDBEA	 ARIAN	 ALBA	 ALEXANDRO
 SABELA	 SANTIAGO	 IAQO	 ANTRES	 BORJA	 PIEGO	 SABELA	 NOBELA	 ZELTA	 JOSSE	 PAULA
 ZARA	 EVA	 SAYU	 LAURA	 CARLA	 SERGIO	 LAURA	 ARIANA	 ALBA	 HUGO	 MARTIN
 ZELTA	 ALONSO	 CARLA	 MARTIN	 ANBHARA	 ARTAR	 NICOLA	 YAGO	 DAVID	 CRISTOBAL	 MAYRA







PFB





O noso fin de curso sempre é especial, no noso fin de curso non esperamos polas vacacións senon que abrimos unha porta que xa non se vai fechar.

Saiu ben que o 20% do total do alumnado remata cun contrato e o 10% do total do alumnado remata tamén con oferta de emprego, todos eles nas empresas onde aprenderon o oficio, Distribuciones Froiz, S.A e Alcampo.

Saiu ben que todos/as, profesiores, alumnado, titores/as de empresa, preparadora laboral, sumamos para conseguir obxectivos de mellora da empregabilidade, obxectivos de mellora dos nosos recursos persoais, obxectivos de mellora dos PFB - AFD Comarca Ferrolterra.

De novo PARABÉNS e desexarvos que continuades o voso camiño sen conformarvos.

4° ESO





IES de Catabois



Staff members (from left to right):

- Julia
- Isabel
- Delores
- Aranza
- Eva
- Antonio
- Rosa
- Directora
- Vicedirectora
- Secretaria
- Rosa
- Helena
- Manuel
- Belén
- Ana
- Juan
- David
- Miguel
- Titor

Promoción 4º ESO

2022

Promoción 4º ESO 2022 members (from left to right):

- NURIA
- AL FJANDRO
- MANUEL
- JUAN DAVID
- ALBA LUCÍA
- MARTÍN
- NICOLAS
- KEIRA

SOA A DESPEDIDA

Rematamos o curso 2021-2022 cruzando os dedos para que con el poidamos dar por rematada a pandemia e tantos efectos negativos que nos trouxo. Agardamos que tamén souberamos sacar desta dura experiencia moitas ensinanzas, como valorar as cousas que realmente importan: as pequenas alegrías de cada día; os compañeiros e compañeiras, familiares e amizades que temos preto; que aprenderamos a non ir ás présas a todas partes, a sacar un momentíño para deixar as pantallas e escoitar a quen está ao noso lado; e que, sobre todo, grabemos na nosa mente que temos unha enorme resiliencia e somos capaces de saír dos atrancos se nolo propoñemos. Desde logo, tivemos ocasión de demostralo.

Sexamos pois positivos e miremos para adiante con ilusión e ganas renovadas. Despidamos non con tristeza, senón con alegría, aos compañeiros e compañeiras que marchan: alumnado, profesorado, persoal non docente... e fagámolo desexándolles o mellor nos novos camiños que se lles abren.

Para o alumnado pedimos que atopen o compás que os guíe axeitadamente, ben sexa no académico, ben sexa no profesional e que, por suposto, non se esquezan de vir contarnos os seus logros.

Para o profesorado que estivo con nós este curso desexamos que fora un ano de aprendizaxe do que puideran sacar partido.


Para Julia, que cambia de centro, pedimos que naquel ao que vai a reciban como se merece, pois, aínda que só estivo dous anos en Catabois, demostrou sobradamente a súa valía e deixa moitos grans de area que enchen o espírito de Catabois que ela coñece. E moitos avances en competencia dixital!!

Para Jose, que tamén cambia de destino, esperamos que igualmente alí se atope como na casa de Catabois. Sabemos que el lles vai poñer doada esa tarefa: faise querer!! E, como non, tamén lle rogamos que non desconecte o móbil, pois serán moitas as consultas que lle teremos que facer.

Para Miguel, tantos anos mestre en Catabois e tantos anos director, temos outro rogo: que poida gozar moito tempo do descanso da xubilación. Xa dedicou grande parte da súa vida a este centro e pode marchar ben satisfeito do seu traballo. Canto nos temos aproveitado del!!

Moi boa sorte para todos e todas e unhas boas vacacións. Aos que volvemos, moito entusiasmo para o comezo. Cada ano é novo e diferente, así que entre todos afrontarémolo con ilusión compartida.

O equipo directivo



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE
E FORMACIÓN PROFESIONAL



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

IES DE CATABOIS

NIF: Q6555339H - TF: 881930233 - FAX: 881930241
Estrada de Catabois, 560. 15405 FERROL
e-mail: ies.catabois@edu.xunta.es
<http://centros.edu.xunta.gal/iesdecatabois>

